


Guía de Nadal 2016

Un Nadal para ler

IES A Xunqueira II

Biblioteca



Demokratia é sempre sinónimo de razón?

Neste manga propónse unha análise do sistema democrático.

Un estudante universitario desenvolve un revolucionario androide coa capacidade de actuar según a vontade da maioría entre unha multitude recrutada a través de internet. Nun principio, as accións elixidas, baseadas nunha morea de sapiencia acumulada pola multitude, debería converter á androide nunha supermuller con coñecementos e prudencia equiparables ás dunha deidade. Pero, ó final, todo resulta ser máis complicado. E inesperado.



El universo en tu mano

Christophe Galfard

Non estás só no universo. E non estás só nesta viaxe polo universo. Estás tumbado mirando o ceo nunha praia cando alguén te colle da man. Guíate nunha odisea alucinante ata os buratos negros, as galaxias máis lonxanas o o inicio mesmo do cosmos. Abandonas o teu corpo y desprázaste a velocidades imposibles, méteste nun núcleo atómico, viaxas no tempo, entras no Sol. Non é que chee expliquen o universo. É que o tocas. Non é que por fin entendas universo. Telo na túa man.



Haunts of horror

Richard Corben

Unha novela gráfica adicada aos grandes gourmets do terror en estado puro!

Contos e poemas de H. P. Lovecraft ilustrados polo xenial Richar Corben, o maestro do terror.

Varias criaturas surxidas dos abismos mariños, maldicións de tempos remotos, universos paralelos de pesadelo...

Cada historia de Corben vén acompañada polo texto de Lovecraft, de forma que se pode comparar a inquietante beleza da obra orixinal coa súa adaptación ó cómic.



El universo en tus manos

Sonia Fernández Vidal


Cando Eva sobe ó faiado onde traballa o avó Leonardo, non hai rastro del. O avó é un inventor moi intelixentee sempre explica cousas de ciencia á súa neta. Se cadra esta vez realizou un experimento perigoso. Se cadra esta especie de nave espacial coa porta aberta ten algunha cousa que ver. Eva decide entrar na cápsula sen saber que comenza a aventura máis importante da súa vida: resgatar ó avó mentres aprende cousas increíbeis do lugar onde vivimos: o Universo.




Nunca me abandones

Kazuo Ishiguro.

A primeira vista, os xóvenes que estudian no internado de Hailsham son como cualquera grupo de adolescentes. Sen embargo, Kathy e Tommy descubrirán, pasados os anos, que son o segredo terrible da boa saúde dunha sociedade. Unha infancia idílica cun trasfondo demoledor no que os nenos son marionetas dunha sociedade egoísta.



Tamén temos a excelente película do ano 2010, de Mark Romanek, que adapta a obra orixinal de Ishiguro á cinema.



POESÍA

La piel extensa, de Pablo Neruda.

A vontade homérica, de Eduardo Pondal.

Duas estupendas propostas de poesía para que deixes voar as túas ensoñacións e coñezas algo máis que os xa un pouco manidos *20 poemas de amor ...* de Neruda. E tamén o poderoso Pondal que xorde entre as espesas brétemas do tempo.





SANGUE 12

Cris Pavón

Fábula vampírica que conxuga feminismo con tecnoloxía e literatura, para amosarnos o paso pola adolescencia da protagonista.

Sangue 12 é un libro sobre a sedución hoxe en día entre a mocidade urbana galega.



Maelstróm, Maelstróm

Manuel Sánchez Gálvez

Novela de aventuras que nos leva de viaxe polo universo de Julio Verne e o Capitán Nemo no Vigo actual.

E se Capitán Nemo estivese a vagar por Vigo dende o afundimento do Nautilus? E se levase 150 anos atrapado na cidade por una maldición da que non consegue escapar? E se a súa historia se cruzase coa dunha muller dos nosos días e a súa filla de seis anos.



Alaia e a deusa

Tomás González Ahola

Alaia, ó cumprir trece primaveras, ten que deixar o castro para servir na cidade de Thaladé. Alí descubrirá a crueldade dos amos, túneles ancestrais que agochan segredos e ... o amor.

Cabeza de pelouro

Jean Paule Nozière

O racismo é o protagonista desta novela que pon a Aïcha e ó seu irmán Moloud, ambos de orixe alxeriana, perante das contradicións dunha pequena vila francesa na que viven.

